

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	Chan do Monte	Marín	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CMCOM01	Actividades comerciais	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1228	Técnicas de almacén	2022/2023	7	123	147

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALMUDENA ORJALES SOMOZA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Marín, poboación situada na comarca do Morrazo, conta cun importante porto que ven aumentando os tráficos ano a ano. Isto xera importantes oportunidades para o desenvolvemento económico da zona así como no eido laboral e, entre elas, todo o relacionado coa Loxística e a almacenaxe. O módulo de Técnicas de Almacenaxe pertence ao 2º Curso do Ciclo de Grao Medio de Actividades Comerciais cuxo currículo foi aprobado polo DECRETO 49/2016, do 7 de abril (DOGA, 9 de maio de 2016). Unha das competencias profesionais, persoais e sociais do título é: "Organizar as operacións de almacenaxe das mercadorías nas condicións que garantan a súa conservación, mediante a optimización de medios humanos, materiais e de espazo, de acordo con procedementos establecidos. non en balde un dos obxectivo é a formación do alumnado como Xefe/a de almacén ou Técnico/a en Loxística de Almacéns .

No actual curso 2022/23 o grupo está constituído por 12 alumnos. [15/09/2022]

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Loxística e planificación do almacén	Identificación e conceptos	30	20
2	O almacén: deseño, equipos e sistemas de almacenaxe.	Introdución aos distintos sistemas e ferramentas para o mellor aproveitamento do espazo dispoñible.	30	20
3	As mercadorías, recepción, rexistro e xestión de stocks	Xestión de maneira eficiente a mercadoría en función da tipoloxía.	30	20
4	Valoración de existencias e inventario, expedición, transporte e entrega de mercadorías	Análise da valoración de existencias e como manipular e xestionar as expedicións.	28	20
5	Xestión dos recursos humanos e da seguridade nos almacéns	Principais métodos de xestión informática e coñecemento das medidas de seguridade.	29	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Loxística e planificación do almacén	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica as tarefas diarias necesarias para realizar as operacións e os fluxos de mercadorías do almacén, aproveitando optimamente os recursos dispoñibles	NO
RA2 - Aplica técnicas de recepción e disposición de mercadorías no almacén, controlando os tempos de manipulación e as condicións de almacenamento en función das características da mercadoría	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Organízouse a información das operacións e os fluxos previstos no almacén durante un determinado período de tempo
CA1.2 Asignáronse ao persoal as tarefas diarias do almacén de acordo cos tempos asignados a cada actividade
CA2.1 Organízouse a descarga das mercadorías dos vehículos, asignándolle o peirao correspondente do almacén
CA2.3 Investigáronse as causas polas que se devolvera mercadoría ao almacén
CA2.7 Asignéuse unha colocación axeitada á mercadoría recibida, tendo en conta as súas características de caducidade e rotación, entre outras

4.1.e) Contidos

Contidos
Loxística na empresa: concepto, obxectivos e actividades que abrangue.
Unidades de almacenaxe: concepto, calidades e tipos (palés e contedores).
Equipamentos de manipulación e almacenamento.
Almacén: concepto e tipos, atendendo a diversos criterios.
Plataformas loxísticas.
Operacións dun almacén.
Deseño de almacéns.
Recursos humanos no almacén.
Clases de mercadorías almacenadas.
Codificación de mercadorías.
Loxística inversa.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O almacén: deseño, equipos e sistemas de almacenaxe.	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica as tarefas diarias necesarias para realizar as operacións e os fluxos de mercadorías do almacén, aproveitando optimamente os recursos dispoñibles	NO
RA2 - Aplica técnicas de recepción e disposición de mercadorías no almacén, controlando os tempos de manipulación e as condicións de almacenamento en función das características da mercadoría	NO
RA3 - Determina as condicións de preparación de pedidos e a expedición das mercadorías do almacén, aproveitando optimamente tempos e recursos, de acordo coa normativa en materia de manipulación e transporte	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Transmitíronselle correctamente ao persoal correspondente as ordes e/ou instrucións de traballo
CA2.4 Identifícaronse as instrucións de descarga e manipulación que conteñen as fichas de cada mercadoría, de xeito que se asegure a súa integridade e a súa rastrexabilidade
CA2.5 Calculáronse os tempos de manipulación das mercadorías, mellorando as operacións e cumprindo a normativa de seguridade e prevención de riscos laborais
CA2.6 Organizouse a desconsolidación da carga e a desembalaxe das mercadorías
CA2.7 Asignóuselle unha colocación axeitada á mercadoría recibida, tendo en conta as súas características de caducidade e rotación, entre outras
CA3.2 Optimizouse a colocación de mercadorías nas unidades de carga, reducindo ocos e asegurando a súa estiba

4.2.e) Contidos

Contidos
Unidades de almacenaxe: concepto, calidades e tipos (palés e contedores). Sistemas de seguimento de mercadorías: codificación, lectores, radiofrecuencia e recoñecemento de voz. Equipamentos de manipulación e almacenamento. Operacións dun almacén. Deseño de almacéns. Sistemas de almacenaxe. Caducidade das mercadorías. Mercadorías especiais. Zonificación de almacéns. Localización de mercadorías no almacén.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	As mercadorías, recepción, rexistro e xestión de stocks	30

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica as tarefas diarias necesarias para realizar as operacións e os fluxos de mercadorías do almacén, aproveitando optimamente os recursos dispoñibles	NO
RA2 - Aplica técnicas de recepción e disposición de mercadorías no almacén, controlando os tempos de manipulación e as condicións de almacenamento en función das características da mercadoría	NO
RA3 - Determina as condicións de preparación de pedidos e a expedición das mercadorías do almacén, aproveitando optimamente tempos e recursos, de acordo coa normativa en materia de manipulación e transporte	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Rexistráronse as entradas e saídas de mercadorías previstas do almacén no sistema de xestión de existencias
CA1.5 Realizouse o control diario das existencias do almacén, de xeito que se garantan as necesidades da clientela interna ou externa
CA1.6 Utilizáronse medios de comunicación e transmisión electrónicos (EDI) para a coordinación e o seguimento de mercadorías no almacén
CA2.2 Verificouse a correspondencia entre a mercadoría descargada e a documentación que a acompaña
CA2.3 Investigáronse as causas polas que se devolvera mercadoría ao almacén
CA3.1 Transmitíronse as instrucións de preparación de pedidos polo sistema de xestión implantado
CA3.3 Determinouse o método de preparación de pedidos e/ou embalaxe máis axeitado para as características da mercadoría e do almacén
CA3.4 Deseñouse o sistema de abastecemento de mercadorías á zona de preparación de pedidos, mellorando as operacións necesarias
CA3.5 Realizouse a sinalización, a rotulación, a codificación, a etiquetaxe, etc., das mercadorías que se vaian expedir

4.3.e) Contidos

Contidos
Clases de mercadorías almacenadas.
Codificación de mercadorías.
Peiraos de carga e descarga.
Documentos de acompañamento da mercadoría.
Rastrexabilidade das mercadorías.
Consolidación e desconsolidación de mercadorías.
Rotación de mercadorías no almacén.
Ordes de pedido.
0Materiais e equipamentos de embalaxe.

Contidos

Consolidación de mercadorías.

Documentación de envíos.

Transporte de mercadorías.

Sistemas de preparación de pedidos.

Fases na preparación de pedidos.

Embalaxe da mercadoría.

Sinalización e rotulación do pedido.

Etiquetaxe.

Normativa de sinalización.

Recomendacións recoñecidas sobre sinalización e rotulación.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Valoración de existencias e inventario, expedición, transporte e entrega de mercadorías	28

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina as condicións de preparación de pedidos e a expedición das mercadorías do almacén, aproveitando optimamente tempos e recursos, de acordo coa normativa en materia de manipulación e transporte	NO
RA4 - Aplica técnicas de xestión de existencias de mercadorías no almacén, analizando parámetros de control e realizando inventarios	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.6 Confeccionouse a documentación que se lle achega á mercadoría expedida
CA3.7 Consideráronse as condicións do seguro máis favorables para a empresa, no transporte da mercadoría expedida
CA3.8 Elixíuse o medio transporte máis axeitado para a mercadoría expedida
CA4.1 Calculáronse os parámetros de xestión e control de inventarios utilizados habitualmente no almacén
CA4.2 Establecéronse criterios de cuantificación das variables que detecten as desviacións e roturas de existencias
CA4.3 Establecéronse sistemas de control de inventarios realizados por medios convencionais ou informáticos
CA4.4 Establecéronse normas ou protocolos de funcionamento de almacén que regularicen as diferenzas achadas, de ser o caso, na realización de inventarios
CA4.5 Identifícanse as causas polas que poden existir descadramentos entre as existencias físicas e as contables
CA4.6 Propuxéronse medidas que corrixan os descadramentos de almacén, e transmitíronse as incidencias de acordo coas especificacións establecidas

4.4.e) Contidos

Contidos
Seguros sobre mercadorías.
Xestión de residuos de almacén.
Normativa ambiental en materia de almacenaxe e xestión de residuos.
Existencias de mercadorías.
Comportamento das existencias: existencias mínimas, medias, de seguridade e de ciclo, punto de pedido, lote económico, prazo de entrega e prazo de reaprovisionamento. Rotura de existencias e o seu custo.
Sistemas de reposición de existencias.
Valoración de existencias: criterios e métodos.
Recontos e inventarios.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Xestión dos recursos humanos e da seguridade nos almacéns	29

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Programa as actividades diarias do persoal do almacén, de xeito que se garanta o desenvolvemento efectivo e eficaz das actividades	SI
RA6 - Manexa aplicacións informáticas de xestión e organización de almacéns que melloren o sistema de calidade	SI
RA7 - Aplica a normativa de seguridade e hixiene nas operacións de almacén mediante procedementos de previsión de accidentes laborais	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Determinouse a cantidade de persoal asignado a cada operación de almacén en función das ordes e das especificacións recibidas
CA5.2 Asignouse persoal a cada tarefa do almacén, respectando a normativa laboral e a de seguridade e prevención de riscos laborais
CA5.3 Establecéronse sistemas de comunicación das instrucións das ordes e actividades diarias que ten que realizar o persoal do almacén
CA5.4 Establecéronse métodos de control de desenvolvemento de ordes e actividades do persoal de almacén, de acordo cos sistemas de calidade implantados pola organización
CA5.5 Establecéronse cronogramas para realizar as operacións habituais do almacén que melloren a produtividade
CA5.6 Caracterizáronse as necesidades de información e formación do persoal do almacén
CA5.7 Incorporáronse técnicas de comunicación que promovan no persoal do almacén a súa integración e traballo en equipo
CA6.1 Determináronse as principais tarefas do almacén que poidan ser xestionadas de xeito eficiente mediante aplicacións informáticas
CA6.2 Determináronse as aplicacións informáticas existentes no mercado que poden xestionar as tarefas do almacén
CA6.3 Utilizáronse aplicacións informáticas axeitadas para realizar a xestión comercial do almacén
CA6.4 Utilizáronse simuladores axeitados para a optimización de cargas, paletización, embalaxes e medios de transporte
CA6.5 Determináronse solucións loxísticas para a automatización e a eficiencia das tarefas do almacén
CA6.6 Utilizáronse aplicacións informáticas para a mellora continua do sistema de calidade da empresa
CA7.1 Determináronse as incidencias e os accidentes máis comúns no traballo diario dentro dun almacén
CA7.2 Determinouse a normativa aplicable en materia de seguridade, hixiene e prevención de riscos laborais nas actividades propias do almacenamento de mercadorías
CA7.3 Caracterizáronse as medidas que cumpra adoptar en caso de accidente producido na manipulación da mercadoría dentro do almacén
CA7.4 Estableceuse o procedemento que haxa que seguir no caso de accidentes no almacén
CA7.5 Descríbironse as cargas físicas e mentais que se producen nas actividades do almacén

Cráterios de avaliación

CA7.6 Descríbóronse as medidas de seguridade que cumpra adoptar e os medios de protección necesarios en caso de incendios menores no almacén

4.5.e) Contidos
Contidos

Recursos humanos no almacén.

Departamento de loxística.

Necesidades de formación do equipamento do almacén.

Principais ocupacións dentro do almacén.

Traballo en equipo dentro do almacén.

Interdependencia nas relacións profesionais no almacén.

Técnicas de comunicación no traballo en equipo do almacén.

Comunicación verbal e non verbal.

Escoita activa.

Técnicas de comportamento asertivo en equipo dentro do almacén.

Coordinación de equipos de traballo no almacén.

Informática nos almacéns.

Aplicacións informáticas específicas utilizadas na xestión de almacéns.

Simuladores de tarefas.

Automatización de almacéns.

Sistemas informáticos de colocación e seguimento da mercadoría no almacén.

Sistemas de información e comunicación no almacén.

Calidade do servizo de almacenamento de mercadorías.

Nivel de servizo á clientela.

Normativa de seguridade e hixiene no almacén.

Normativa de prevención de riscos laborais no almacén.

Normativa de seguridade no almacenamento de mercadorías perigosas.

Normativa de seguridade e hixiene no almacenamento de mercadorías perecedoiras.

Riscos laborais no almacenamento de mercadorías.

Sinais de seguridade.

Normativa e recomendacións de traballo e seguridade en equipamentos e en instalacións do almacén.

Accidentes de traballo na manipulación e no movemento de mercadorías.

Riscos de incendios no almacén.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles son os sinalados no apartado 4c desta programación para cada unidade didáctica.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Nas avaliacións parciais, aplicaranse as ponderacións dos CA¿s que corresponda.

No que se refire ao desenvolvemento das probas teranse en conta os seguintes aspectos:

- En cada proba a/o alumna/o será informada/o da calibración das diferentes cuestións (test, preguntas curtas, encher ocios, responder verdadeiro/falso, relacionar conceptos, etc.) e/ou supostos prácticos formulados. No caso de probas que inclúan cuestionarios test, estes poderán ser de resposta única ou múltiple. Así mesmo, poderanse incluír penalizacións no caso de responder incorrectamente ás preguntas formuladas. Non se penalizarán as preguntas non contestadas.
- Aqueles/as alumnos/as cualificados/as negativamente nalgunha proba poderán recuperala na proba que se fixe a tal efecto.
- As probas de recuperación dunha avaliación levaranse a cabo na seguinte avaliación, e poderanse celebrar nunha mesma data para recuperar todas as unidades non superadas.
- Se un/ha estudante é sorprendido/a copiando nunha proba ou, no seu caso, manipulando o equipo informático sen seguir as instrucións da profesora, suspenderá a mencionada proba (que será cualificada cun cero) e deberá recuperala na recuperación que se fixe para o grupo.
- A cualificación da avaliación será a nota ponderada segundo o establecido no apartado 3a desta programación das cualificacións das UD avaliada, sendo necesario ter superadas cada unha das UD para o cálculo da mesma.
- A cualificación final do módulo será a nota ponderada segundo o establecido no apartado 3a desta programación, sendo necesario ter superadas cada unha das UD para o cálculo da mesma.
- Nas avaliacións a cualificación será un número enteiro comprendido entre 1 e 10.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Con posterioridade a cada sesión parcial de avaliación realizarse unha proba de recuperación para os alumnos que non acadasen resultados positivos. A proba terá as mesmas características que as de cada avaliación con contidos teóricos e prácticos, só que agora se realizarán nun mesmo día.

Os alumnos con algunha avaliación parcial non superada, terán que recuperala nos exames finais a celebrar no último mes de clase.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A avaliación continua do/a alumno/a require a asistencia regular ás clases. Quen teña un total de faltas de asistencia non xustificadas, superior ó 10% do total do horario do módulo, perderá o dereito a presentarse as probas parciais obxectivas de cada avaliación, e mesmo perderá as cualificacións parciais das probas ás que se houberse presentado.

Estes alumnos/as, serán avaliados mediante unha proba extraordinaria de avaliación (proba de carácter obxectivo) sobre toda a programación do módulo. Para estes/as a nota final, formarase coa nota desta proba obxectiva final, e deberán obter unha cualificación de 5, ou superior, sobre 10 para superar o módulo profesional.

Esta proba extraordinaria de avaliación será previa a avaliación final de módulos correspondente.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Mensualmente realizarase unha valoración da evolución da avaliación na aplicación informática habilitada para o seguimento das programacións.

Ao final do ano realizase unha valoración global.

Ao final do curso académico realizarase unha enquisa a través da Aula Virtual entre o alumnado para valorar a práctica docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar, seguindo as instrucións ditadas pola DXEFPIE relativas ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2022/23. Incluirá os seguintes aspectos:

- Observación de coñecementos, procedementos e destrezas do alumnado
- Confrontación das observacións coas realizadas por outros profesores e coa información do/a titor/a
- Realización dun cuestionario sobre coñecementos previos.
- Realización dunha sesión específica de valoración dos/as alumnos/as antes de finais de setembro

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Atención personalizada na aula.

Establecemento de tarefas extraordinarias con seguimento particular polo profesor.

Medidas de flexibilización curricular, cando sexan necesarias e segundo o establecido normativamente.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores cívicos e profesionais, esta presente en todas as unidades didácticas que forman o módulo, coa finalidade de formar cidadáns e profesionais comprometidos cos valores dunha sociedade democrática:

- Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, creando grupos de traballo heteroxéneos nos que se valore a participación e a colaboración de todo o alumnado

- Promoverse o espírito emprendedor do alumnado, mediante a formulación de tarefas individuais e grupais nas que teñan que traballar a súa creatividade, iniciativa e a colaboración efectiva.
- Na última unidade do módulo, sobre a seguridade nos almacéns, farase especial fincapé na necesidade da prevención durante o transporte de mercadorías e persoas e promoverase unha actitude responsbale no ámbito da conducción.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Faranse aquelas que se fixen no departamento da familia profesional, tales como:

- Realización de visitas a empresas e organismos como a Autoridade Portuaria de Marín.
- Recollida de información en empresas e organismos públicos.
- Realización de xestións en organismos públicos.
- Visita e charla técnica de profesionais do mundo da loxística.

Todas as actividades planificadas están supeditadas ao desenvolvemento da situación creada pola pandemia do COVID-19.

10. Outros apartados

10.1) Medios de difusión da programación

Durante a primeira semana de clase, a profesora dará lectura na aula desta programación e fará referencia ao alumnado de que a programación do módulo estará a súa disposición no momento en que calquera de eles a precise. Soamente terán que solicitala á profesora e esta poñerá a súa disposición as copias que precisen no taboleiro da aula.

10.2) Desenvolvemento de posibles escenarios de formación semipresencial ou a distancia

No caso de que sexa necesario recurrir a escenarios de semipresencialidade ou de educación a distancia con motivo da situación epidemiolóxica provocada pola COVID19 defínense as seguintes premisas para levarlos a cabo:

METODOLOXÍA: Realización de clases en liña empregando os recursos dixitais dispoñibles.

RECURSOS A EMPREGAR: Aplicación de videoconferencia (Webex ou similar), Aula Virtual do centro, Abalar e conta de correo corporativo, apuntamentos e outros recursos didácticos adicionais (vídeos, revistas especializadas, páxinas web, etc.)

ASPECTOS DO CURRÍCULO A ABORDAR: Tratarán de realizarse actividades eminentemente prácticas ou que permitan ao alumnado desenvolver tarefas vinculadas ás competencias profesionais a desenvolver, xunto con explicacións maxistras para a realización desas actividades.

AVALIACIÓN: Sempre que a situación epidemiolóxica o permita, as probas de avaliación realizaranse de xeito presencial. Se a situación non o permite, empregarase a Aula Virtual e /ou aplicación de videoconferencia para a execución das probas.